CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CONTEMPORÁNEA PARA A REALIZACIÓN DA ENTREGA DE INSIGNIAS CULTURAIS 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co a Fundación Contemporáneo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración coa Fundación Contemporánea para desenvolver un programa conxunto encamiñado á realización da entrega de insignias culturais 2026, na que participación representantes dos 18 proxectos gañadores de cada Comunidades Autónomas do informe "Lo Mejor de la Cultura 2026", nun escaparate de excelencia da cultura da nosa Comunidade e fomentando a interrelación entre os profesionais do sector cultural público e privado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Contemporánez consideran de interese público realizar accións conxuntas para a realización dunha nova edición da entrega de insignias culturais "Lo Mejor de la Cultura"

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Asinado por: LORENZO SUÁREZ, ANXO MANUEL
Cargo: Director Xeral de Cultura
Data e hora: 11/06/2026 13:58:25

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Lgsbsu9FqV49 https://sede.xunta.gal/cve